

Valoro como foi a miña participación no proxecto

Nome: Data:

	2 Foime xenial porque...	1,5 Fíxeno ben porque...	1 Custoume un pouco porque...	0,5 Debo mellorar porque...
Na comprensión do proxecto.	Entendín todos os pasos para conseguir o reto final e o seu propósito.	Souben o que tiña que facer no reto aínda que non entendín o seu propósito	Necesitei axuda para entender o reto e os pasos para acadalo.	Aínda que solicitei axuda, non entendín as partes do reto.
No traballo en equipo.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Amosei moita iniciativa e fun parte importante do equipo.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros. Acheguei poucas propostas, pero apoiei as propostas dos demais.	Tiven dificultades para traballar en equipo. Non colaborei co resto do grupo.	Non logrei integrarme ben no grupo e rexeitei o traballo.
No traballo individual.	Realicei as actividades individuais que correspondían e remateinas sen erros. Esforceime para realizalas sen axuda.	Realicei as actividades individuais que correspondían, tiven éxito e fíxenas correctamente. Esforceime para acabalas sen axuda e entregueinas todas e a tempo.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían, para algunhas necesitei axuda. Entregueinas nos tempos marcados. Máis da metade tiveron puntuacións correctas.	Non realicei todas as actividades individuais que correspondían. Ademais, a pesar de ter axuda, os resultados deberían ser mellores.
Na elaboración conxunta do cómic.	Participei activamente e esforceime para acadar a tarefa con éxito. Axudei ás miñas compañeiras e compañeiros.	Participei activamente e esforceime para acadar a tarefa con éxito.	Participei na tarefa mais non me esforcei o necesario nalgunhas partes da mesma e saíron mal. Debería implicarme máis.	A pesar de participar nalgunhas partes da tarefa, frustreime moito e desistín en realizar ou intentar todas as partes. Debería esforzarme moito máis.
Na exposición e publicación do cómic.	Traballei arreo co meu equipo para preparar a exposición conxunta do <i>cómic</i> (elaboración do guión e reparto da exposición oral). Particippei activamente na exposición oral dunha maneira convincente e colaborei na maquetación e publicación do traballo na revista do centro.	Colaborei para preparar a exposición e presentei oralmente unha pequena parte da presentación. Non me impliquei na difusión do <i>cómic</i> na revista do centro.	A miña participación para preparar a exposición foi baixa, os meus compañeiros e compañeiras tiveron que traballar máis ca min e/ou non participei na exposición oral.	Non participei na preparación da exposición, deixei que as miñas compañeiras e compañeiros fixeran todo o traballo. Debería esforzarme moito máis.
Suma de puntos				